

002950 15.04.2010 08 E

Mediante Resolución reitoral do 25 de xuño de 2003 corrixida pola Resolución reitoral do 1 de setembro de 2004 publicouse o plano de estudos da Licenciatura de dereito no que se establece que os estudantes para poder matricular o Practicum deberán ter superadas unha serie de materias troncais e obrigatorias do primeiro ciclo.

Tendo en conta que ademais destas prelacións para poder matricular materias de segundo ciclo, ao que pertence o Practicum, os alumnos deberán superar 88 créditos das materias troncais e obrigatorias do primeiro ciclo, entre as que se atoparían a maior parte dos créditos correspondentes ás materias prelación do Practicum, o Consello de Goberno na súa sesión do 17 de febreiro de 2010, e a proposta da Xunta de Facultade de Dereito acordou modificar o plano de estudos da Licenciatura de Dereito suprimindo as materias prelación que afectan á materia Practicum da Licenciatura.


Co obxecto de establecer os efectos desta modificación esta Reitoría


RESOLVE,

PRIMEIRO.- O Acordo do Consello de Goberno do 17 de febreiro de 2010 polo que se suprimen as prelacións que afectan á materia de Prácticum será de aplicación a partir da súa aprobación polo Consello de Goberno e polo tanto poderá aplicarse aos estudantes matriculados na licenciatura de dereito no actual curso académico 2009/2010 sempre que reúnan o requisito que se establece no plano de estudos para matricular materias do segundo ciclo.

SEGUNDO.- Os alumnos matriculados no presente curso 2009-2010 que reúnan os requisitos para matricularse en materias de 2º ciclo da Licenciatura de Dereito, poderán formalizar matrícula no prácticum no prazo comprendido entre o 19 e o 30 de abril de 2010, ámbolos dous inclusive. A matrícula formalizarase presencialmente na UXA do Campus Sur.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2010


O REITOR



Senén Barro Ameneiro

Enviado a: Facultade de Dereito, Xefe do Servizo de Xestión Académica, UXA Norte, UXA Sur, Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento